

A Consellaría segue adiante coa prórroga das direccións atendendo unha parte das nosas propostas

CIG-Ensino defendeu activar a participación de claustros e consellos escolares

A proposta para a prórroga no nomeamento das direccións que a Consellaría trouxo á Mesa Sectorial nace dunha situación excepcional (a pandemia da covid-19) e duns prazos moi axustados (un apurado final de curso que a Xunta agrava aínda máis coas súas decisións). Porén, desde a CIG-Ensino non estamos de acordo coa fórmula que presenta a Consellaría, xa que deixa toda a decisión nas Xefaturas Territoriais da Consellaría, nalgúns casos previo informe da Inspección, mais sen contar coa opinión do profesorado do centro nin co papel que entendemos debe xogar o Consello Escolar.

O papel central debe recaer en todo momento, mais sobre todo no actual, no equipo docente e na comunidade educativa e non na inspección. A nosa proposta afonda na democracia interna dos centros e permite, dada a excepcionalidade, acurtar prazos e procedementos.

PROPOSTA ALTERNATIVA DE PRÓRROGA PRESENTADA POLA CIG-ENSINO.

*Artigo 1. A xefatura territorial correspondente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional **aceptará** a renuncia á prórroga establecida no artigo 1 desta orde cando a persoa interesada alegue a obtención dun destino definitivo, con efectividade do 1 de setembro de 2020, **a decisión de incorporarse nesa mesma data ao destino definitivo que tiña con anterioridade** ou outras causas que se consideren xustificadas.*

*Artigo 2. **NOVA REDACCIÓN.** A xefatura territorial correspondente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional non prorrogará o nomeamento da dirección prevista no artigo 1 desta orde cando se cumpran todas as seguinte condicións: se existe informe negativo do claustro, se se presentou algunha candidatura alternativa e esta contou coa aprobación do Consello Escolar.*

*Artigo 5. **NOVA REDACCIÓN.** Audiencia do claustro de profesores e do consello escolar*
1. A audiencia do claustro docente para a realización das prórrogas establecidas no artigo 1 da presente orde, poderá realizarse mediante reunión por vía presencial, telemática ou simultánea en ambos formatos, sendo voluntaria a presenza física nos centros dos integrantes do claustro e coas limitacións

de aforo e distanciamento físico que en cada momento dispoñan as autoridades sanitarias e a normativa correspondente da Consellaría de Educación.

- 2. No caso de que desa audiencia se derive un informe negativo para a continuidade da actual directora ou director, abrírase un prazo de 5 días hábiles para que se poidan presentar candidaturas alternativas de entre profesorado do propio centro, que en todo caso deberán cumprir os requisitos do concurso de méritos para a selección da dirección.*
- 3. Cando existan outras candidaturas, a selección da dirección efectuarase nun consello escolar convocado ao efecto nun prazo non superior a 5 hábiles desde a presentación das candidaturas e confirmación do cumprimento dos requisitos, seguindo os criterios do apartado un deste artigo en canto a presencialidade e participación física ou a distancia. De non se presentar ningunha candidatura alternativa entenderase que decae o informe emitido.*
- 4. Os prazos para presentar candidaturas de entre docentes do propio centro que figuran no presente artigo así como o procedemento para seleccionar directora ou director, serán tamén de aplicación nos casos nos que a actual dirección presente renuncia a prorrogar mandato e está sexa aceptada.*

Tendo en conta a negativa da Consellaría a aceptar a nosa proposta de cambio xeral do documento formulamos propostas concretas sobre o borrador:

Non se pode poñer ningún problema a aquela directora ou director que non desexe seguir no cargo. Non pode quedar na opcionalidade da Xefatura Territorial. As direccións deben partir da

vontade individual de permanecer no posto e da cohesión e apoio do profesorado.

A única excepcionalidade para non prorrogar un nomeamento non pode vir dun responsábel político territorial senón da vontade do claustro. Neste sentido apostamos por manter a audiencia cando menos dos claustros, algo que algúns xa fixeron seguindo instrucións da Inspección.

Os nomeamentos accidentais, no caso de que o posto fiquese vacante ou quen está non desexe continuar, debe vir precedido da audiencia previa, como mínimo, do claustro docente. Non se debe esixir neste caso ningún requisito adicional a ter destino definitivo no centro.

Resposta da Consellaría:

- * Vai figurar que se aceptarán obrigatoriamente as renuncias de quen obtivese un novo destino con efectos de setembro de 2021, sen que quede supeditado á Xefatura Territorial (XT).
- * Non aceptarán que as renuncias das direccións por ter destino noutro centro con anterioridade deixen de estar condicionadas pola XT, aínda que valorarán permitilo naqueles postos que vencían mandato e saían a concurso.
- * Naquelas prazas que non vencen mandato van manter o texto orixinal, condicionando a aceptación do cese á decisión da XT.
- * Aceptarán as renuncias xa presentadas con anterioridade á publicación do borrador da orde e cuxas prazas xa figuraban no Anexo.
- * Modificarán a redacción para que haxa informes do Claustro e do Consello Escolar. Só en casos excepcionais van aceptar prórrogas sen informes.